



POLA INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA



**COMPROMISO PARA REDUCIR
A DESIGUALDADE EDUCATIVA**

PROPOSTAS ELECCIÓN XERAIS 2015



As eleccións xerais do 20 de decembro serán fundamentais para configurar o modelo social e económico da etapa de recuperación en España. A crise económica e o seu impacto sobre o mercado laboral, e mais as medidas de austeridade, afectáronlles a grandes capas da poboación, pero a extensión da pobreza e a exclusión non poder facer invisibles as carencias e debilidades dunha comunidade, a xitana, afectada non só pola privación material, senón tamén polo rexeitamento, a marxinação e a discriminación que sofre, e que lle afecta á garantía dos dereitos máis esenciais.

De acordo cos datos máis recentes, a comunidade xitana, integrada por unhas 750 000 persoas en España, é un dos grupos da poboación que máis sofre o aumento da brecha da desigualdade:



3 de cada 4 persoas xitanas están en situación de exclusión social, o 54 % delas en exclusión severa, o que supón cinco veces máis ca o resto da sociedade (9,5 %), segundo o *Informe FOESSA* 2014.



Un 4 % das familias xitanas continúan a vivir en chabolas e en ambientes segregados (*Mapa sobre vivienda y comunidad gitana*, 2007, Ministerio de Vivienda, FSG).



O abandono escolar temperán da xuventude xitana acada o 63,7 %, fronte ao 21,9 % do conxunto da poboación española (*El alumnado gitano en Secundaria: un estudio comparado*, 2013, MECD, MSSSI, UNICEF, FSG).



A poboación xitana salariada é dun 37,6 %, fronte ao 83,6 % da poboación total en España (*Población gitana, empleo e inclusión social*, 2011, FSG).

AS NOSAS PROPOSTAS PARA OS PARTIDOS POLÍTICOS PARA A VINDEIRA LEXISLATURA



Perante esta alarmante situación de desvantaxe social, son imprescindibles medidas específicas que garantan a inclusión social das persoas xitanas. As desigualdades que sofre a poboación xitana en comparación cos niveis do resto da poboación prodúcense nos ámbitos chave para a inclusión social e o exercicio pleno da cidadanía.

A prioridade é a educación, ferramenta chave para a mudanza social, e a nosa principal demanda. Pero, á parte disto, coidamos que tamén é imprescindible abordar a situación da vivenda, o emprego e a discriminación. Polo tanto, pedímoslles aos partidos políticos un compromiso firme na vindeira lexislatura para:

1 **Reducir la desigualtat educativa** que lles afecta aos nenos e nenas xitanos, marcando como obxectivo reducir á metade a taxa actual de abandono escolar temperán (do 63,7 % ao 32 %).

2 **Erradicar o chabolismo e a segregación residencial** a través de plans de acceso a unha vivenda digna que recollan medidas de acompañamento social.

3 **Incrementar a porcentaxe de poboación xitana asalariada ata un 50 %** e garantir o acceso da xuventude xitana aos recursos dispoñibles para a promoción do emprego xuvenil (garantía xuvenil e outros).

4 **Promover a igualdade e a loita contra a discriminación**, reactivando o Consello para a Eliminación da Discriminación Racial ou Étnica, e coa aprobación dunha lei integral para a igualdade de tratamento e a non-discriminación.



A Fundación Secretariado Gitano (FSG) é unha entidade social intercultural sen ánimo de lucro que leva máis de trinta anos traballando a prol da promoción integral da comunidade xitana en todo o territorio español e no ámbito europeo.

Conta actualmente con 55 centros de traballo en 14 comunidades autónomas.

C/ Ahijones, s/n - 28018 Madrid (España) - Tel.: (34) 91 422 09 60 - Fax: (34) 91 422 09 61

www.gitanos.org

fsg@gitanos.org

Síguenos en:

Coa colaboración de:

